



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E O CONCELLO DE AGOLADA PARA A CONSERVACIÓN DUN ELEMENTO PATRIMONIAL DENOMINADO: REHABILITACIÓN DE PENDELLO PARA COCIÑA TRADICIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou co concello de Agolada un convenio para o acondicionamento de infraestruturas de carácter patrimonial.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar as obras de mantemento necesarias en infraestruturas de carácter patrimonial que non se atopaban en condicións óptimas para o seu uso, visita e mesmo promoción turística, co fin de que as distintas entidades de Galicia poidan ofrecer unha axeitada e adecuada difusión da existencia destes elementos.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader pretende defender e promocionar os valores culturais do pobo galego actuando no fomento e promoción da cultura e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural, dado que a cultura debe de ser un dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos. Para acadar este obxectivo Agader puxo en marcha a realización de proxectos singulares que puidesen afectar a elementos do ámbito cultural de Galicia que incidisen tanto na preservación dos valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais e de ocio que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación no campo galego e mesmo tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada principalmente ao ámbito do turismo.

Tratábase de elementos patrimoniais que, de non obter de xeito rápido a intervención necesaria, corrían o risco de perder o seu carácter visitable, ou incluso de esmorecer e perder o seu valor patrimonial podendo chegar a quedar en estado ruinoso nun breve espazo de tempo, tal e como se podía ver no proxecto técnico achegados polo Concello.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto





refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

